

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 254/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 3 de novembro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 3 de novembro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falla de contestación polo Concello de Cangas á súa solicitude de acceso ao expediente XXX.

A interesada, que presentou a súa solicitude na súa condición de concelleira, indica que solicitou acceso a varios expedientes relacionados con asuntos que estaban na orde do día do Pleno do Concello do día 27 de outubro de 2023, accesos que nunca se fixeron anteriores ao día do Pleno. O obxecto da presente reclamación é o acceso ao expediente 1787/2023, do que se lle notificou o acceso ao expediente 1878, e do que indica que na data de presentación da reclamación, segue sen ter acceso, e polo tanto non puido ter a información completa para poder debater e votar con criterio sobre o tema que se levou a pleno.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada asinada electronicamente, e da resolución impugnada.

Segundo. Con data do 7 de novembro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Cangas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 1 de xuño de 2023

Terceiro. Con data do 22 de xuño de 2023 o Concello de Cangas contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 21 de outubro de 2023 a concelleira solicitou acceso ao expediente 1787/2023 e dita solicitude foi atendida o 24 do mesmo mes, estimando a solicitude presentada pero expresando cun erro de tipografía que o acceso era para o expediente 1878/2023. Detectado o erro, o acceso efectivo foi efectuado para o expediente realmente solicitado, corrixíndose o erro o 26 de outubro de 2023, mediante Decreto 023-2086 que se lle notificou á interesada o día 26.

Indica que mediante decreto 2023/2058 de data 24/11/2023 foi convocado o Pleno de data 27/11/2023, estando o asunto tratado no expediente na orde do día, e polo tanto tódolos concelleiros/as teñen acceso ao mesmo dende a data da convocatoria, co conseguente bloqueo do expediente polo que se fai imposible dar acceso por outra vía. Rematado ese bloqueo, dáselle acceso ao expediente á solicitante, por un período de dez días hábiles.

Considera a Alcaldía que a solicitude que se presentan pola reclamante, xunto coa reiteración dunha multitude recorrente de solicitudes responden, a unha estratexia dirixida a desgastar ao grupo de goberno dentro do marco da confrontación política co conseguente entorpecemento e paralización da actividade administrativa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, á interesada notificóuselle as resolucións con data do 30 de outubro de 2023 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 3 de novembro de 2023, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A reclamante na súa condición de concelleira, solicitou acceso a un expediente do que indicou o seu número, relacionado con asuntos que estaban na orde do día dun Pleno do Concello que se ía celebrar nos próximos días, e se lle notificou por erro, a concesión do acceso a expediente distinto do solicitado que despois se corrixiu, e no que indica que non puido ter a información completa para poder debater e votar con criterio sobre o tema que se levou a pleno.

Consta na documentación remitida polo Concello, que a interesada recibiu por comparecencia en sede electrónica o día 26 de outubro de 2023, ás 14.41 horas, a resolución pola que se corrixe o erro, pero non consta o acceso ao expediente, polo que débese entender que non tivo acceso á información completa antes do pleno.

De conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, todos os membros das Corporacións locais, é dicir, tanto os concelleiros/as que formen parte do goberno local como da oposición, teñen dereito a obter do Alcalde ou Presidente da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou informacións figuren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función, debendo resolverse motivadamente a solicitude, no prazo de cinco días naturais seguintes a aquel na que a solicitude se presentou.

O artigo 15 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que prevé que os servizos administrativos locais estarán obrigados a facilitar a información aos ediles, sen necesidade de que o membro da corporación acredite estar autorizado, cando se trate de acceso dos membros da corporación que exerzan delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia das mesmas, cando se trate do acceso á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal e os que sexan de libre acceso para os cidadáns establecido na normativa, polo que a información que solicita a concelleira, non pode denegárselle.

Na maior parte das ocasións, como na presente, o auténtico valor do dereito de acceso á información reside en que os solicitantes de acceso poidan obter con inmediatez unha información que só lles outorga unha vantaxe exclusiva se non se dilata a súa entrega, que neste caso tradúcese na necesidade de que unha concelleira poida acudir ao pleno, coa información necesaria sobre os asuntos que nel van a tratarse.

No presente caso non cabe dúbida do interese público no outorgamento da información solicitada por canto é pedida por unha concelleira libremente elixida, no cumprimento do mandato representativo da cidadanía para participar nos asuntos públicos, sen que se poida demorar a entrega da información solicitada para a realización das funcións para as que foi elixida como concelleira. Dado que unicamente consta no expediente administrativo remitido polo Concello, a resolución de concesión do acceso, pero non o acceso ao expediente, procede a estimación da reclamación presentada.

Debe lembrarse ao Concello que o feito de que unha concelleira presente unha multitude de solicitudes, non pode ser motivo para que se lle denegue a información necesaria para o exercicio da súa función.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 3 de novembro de 2023, contra falla de contestación polo Concello de Cangas á súa solicitude de acceso ao expediente XXX.

Segundo: Instar ao Concello de Cangas a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada de acordo coa normativa de réxime local, e no non disposto na mesma, pola Lei 19/2013.

Terceiro: Instar ao Concello de Cangas a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.